

O INSTANTE MAIS ESCURO

[Joe Wright, 2017]

332

ESTREA EN NUMAX: 19.01.2018 | V.O.S.E. | TP

Darkest Hour (2017, 125')

Dirección: Joe Wright

Guión: Anthony McCarten

Elenco: Gary Oldman, Ben Mendelsohn, Kristin Scott Thomas, Lily James, Stephen Dillane, Richard Lumsden, Philip Martin Brown

Son: Paul Carter

Montaxe: Valerio Bonelli

Vestuario: Jacqueline Durran

Dirección de arte: Oliver Goodier, Nick Gottschalk, Joe Howard

Música: Dario Marianelli

Fotografía: Bruno Delbonnel

Produtoras: Working Title Films (Reino Unido)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Pan (Viaje a Nunca Jamás), 2015

Anna Karenina, 2012

Hanna, 2011

El solista, 2009

Expiación, más allá de la pasión, 2007

Orgullo y prejuicio, 2004

PREMIOS E FESTIVALS

Globos de Ouro 2018 (Mellor actor dramático –Gary Oldman–), Satellite Awards 2017 (5 nominacións incluíndo mellor actor –Gary Oldman– e fotografía), Hollywood Film Awards 2017 (Mellor dirección e deseño de vestuario), Palm Spring 2017 (Mellor actor –Gary Oldman–), Toronto 2017 (Nomeado a mellor actor –Gary Oldman–)

SINOPSE

Gran Bretaña, Segunda Guerra Mundial. Poucos días despois de se converter en Primeiro Ministro, Winston Churchill debe tomar unha difícil decisión. En pleno avance das tropas nazis por toda Europa Occidental, cando a ameaza de invasión é inminente, Churchill terá que elixir entre loitar contra Hitler ou aceptar o acordo de paz que este lle ofrece pactar.

«Vibrante thriller de despachos cunha interpretación de Oscar de Gary Oldman»

Daniel Martínez Mantilla, FOTOGRAMAS



“A través da dúbida Churchill descobre a sabedoría”

Entrevista con Joe Wright
Por David Sims

Ultimamente houbo unha chea de filmes sobre Winston Churchill. Cres que lle puido vir mal a *O instante máis escuro*?

Non creo. Cando comecei a traballar no filme, en xaneiro de 2016, *The Crown* (Peter Morgan, 2016, TV) aínda non fora emitida, *Dunkerque* (Christopher Nolan, 2017) todavía non existía e *Churchill* (Jonathan Teplitzky, 2017) tampouco, co que pensaba que estaba a ser bastante orixinal. Semellaba como unha desas ideas que, ao igual que cando fixen *Orgullo y prejuicio* (2005), de tan obvias que semellaban eran orixinais. Mais realmente o meu filme trata dun home situado nunha posición imposible na que ninguén quereda estar, que sofre unha profunda crise de confianza e certezas. E a través da dúbida descobre a sabedoría. O filme trata de todo isto nun nivel persoal e só é despois que agroma a figura de Churchill.

Especialmente en Inglaterra, Churchill é un xigante de bronce erguido sobre un enorme podio. Esta era a oportunidade de baixalo e, no canto de tratalo como unha icona, enfrontar o home cuxa figura foi reapropiada en tantas ocasións. Converteuse nunha caste de icona do nacionalismo británico, e eu non comparto esa idea para nada. Así

que quixen reclamado como individuo, e dicir que este home era contradictorio, complexo e nun intre determinado da historia podemos dicir que foi quen de salvar o mundo. Tanto os seus defectos como os seus logros integran ao home e iso é o que me pareceu máis interesante.

Por defectos refíreste á súa teimosía e a súa natureza belicosa? Si, e a súa extraordinaria vontade. A vontade é algo perigoso, pode ser tanto un defecto como unha virtude.

Cando che chegou o guión como foi o proceso de cásting? Porque moitos actores podían encaixar no papel. Si, pero eu non quería a ningún outro. Hai unha chea de actores dunha certa idade que darían o pego, mais ao facer o cásting buscaba alguén que tivese a esencia do personaxe. Sempre tiveron a idea de que Churchill deba ser como unha dinamo chea de enerxía. El camiñaba rápido, era un home pequeno.

Sempre pensamos en Churchill como alguén enorme. Correcto, e en todos os arquivos que puideron ver, el era un home física e mentalmente moi enérxico até o punto de que semellaba próximo ao curtocircuíto e o colapso, e iso é probablemente sucedeu cando caeu na depresión. Daquela busquei alguén con esa caste de intensidade, e Gary [Oldman] sempre a tivo, e tena aínda, como actor. A dúbida viña sobre como transformalo fisicamente, que para min era un problema menor. Gary e máis eu falamos, discutimos opcións e pensamos en Kazuhiro [Tsuji], un home retirado

que vive nun almacén do centro de Los Angeles facendo esculturas. Durante cinco meses procurou o equilibrio exacto entre o aspecto de Churchill e a caste de actuación de Gary.

Foi complicado convencer a Gary ou era algo para o que xa se sentía preparado?

Coido que Churchill era como un obxectivo que sempre estivo aí e Gary non dubidou en aceptar. O que non sabía é que Gary é un actor ao que lle gusta a dirección, polo que establecemos unha colaboración moi pechada. Fixemos o filme xuntos, camiñamos a senda en compañía e foi unha das experiencias creativas máis gratificantes que tiveron nunca.

Mentres facías o filme estabas a pensar no presente? Un pode atopar paralelismos, e iso é moi interesante, porque namentres facíamos o filme tivo lugar o Bréxit e nos Estados Unidos elixían novo presidente. Os paralelismos están aí mais o meu labor como director era contar a historia no contexto específico na que tivo lugar. E a partir de aí abrirme a outros escenarios e cuestións.

Por tanto non hai lugar para as alegorías. Desde logo o filme non pretende ser unha alegoría, tentei por todos os medios non facer unha película didáctica. E correspóndelle ao público atopar as súas propias respostas. O meu traballo como narrador é abrir preguntas, e o do público atopar as respostas.

Publicado en www.theatlantic.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Diario de guerra 1940-1942, George Orwell
Sexto Piso, 2006

El factor Churchill, Boris Johnson. Alianza, 2017

Citas sobre los libros, la lectura y la escritura,
VV.AA. Gustavo Gili, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónete
e ven sempre
por 4,5€

Faite
NUMAX!